EXERCICIOS DE APOIO (SECCIÓN 6ª)

Volve a ler con atención o documento base desta sección e despois realiza os exercicios que veñen a continuación:

1.- Sinala as bases evolutivas que fixeron posible a liberdade humana.

2.- Explica as dúas caras da liberdade: positiva e negativa.

3.- Fundamento da responsabilidade.

4.- Que son as normas morais?

5.- En que consiste a socialización moral?

6.- A socialización moral na Psicanálise.

7.- A socialización moral inter-pares, segundo Piaget.

8.- Concepto de autonomía moral.

9.- Concepto de heteronomía moral.

10.- Niveis de desenvolvemento moral segundo Kohlberg.

Respostas:

1.- A liberdade humana ten o súa condición de posibilidade en características específicas, adquiridas no curso da filoxenia:
   a) Certo déficit instintivo.
   b) Capacidade cranial que permite unha actividade racional.
   c) Unha enorme e peculiar capacidade cooperadora.

2.- Os dous aspectos básicos implicados na liberdade son:
   a) A cara negativa: *indeterminación*, ou ausencia de mecanismos e instancias coactivas que impidan a elección: "liberdade de…"
   b) A cara positiva: apertura de posibilidades, capacidade para inventar e construír opcións: "liberdade para…".

3.- O fundamento da responsabilidade é a liberdade. Consiste en facerse cargo e ter que "responder" das consecuencias das eleccións e decisións tomadas libremente.

4.- As “normas” morais son regras que regulamentan a conduta do individuo cara a consecución dalgún valor moral.

5.- A socialización moral é o proceso polo que os novos membros dunha sociedade asimilan e interiorizan, dun xeito practicamente inconsciente, os valores e normas morais xa establecidos nesa sociedade anteriormente. É un proceso especialmente intenso durante a infancia, e que vai acompañado de forte carga afectiva.

6.- A Psicanálise clásica considera que, durante a infancia, a moral paterna *introxéctase* ou interiorízase no individuo formando a conciencia moral, que se manifesta nun *super-eu* imperativo e ameazante, que non é máis que un trasunto da figura do pai, e do que non poderá desprenderse ao longo de toda a vida.

7.- Segundo Piaget, a socialización moral non se leva a cabo só no ámbito familiar senón tamén, e fundamentalmente, no seo do “grupo de pares”. A tendencia natural á simpatía, irase incrementando e abrindo cara os iguais, cos que empezará a entenderse e cooperar intensamente. E así, ao longo de toda a adolescencia, a participación na actividade do grupo será decisiva para a evolución das súas estruturas morais: desenvolver a lóxica racional da a) *empatía*, poñerse no lugar do outro, e b) as ideas de reciprocidade e igualdade como expresión da lóxica *reversible* e *universal* das normas.

8.- O termo “autonomía moral” indica a capacidade para elixir, decidir e actuar moralmente por un mesmo (*autós* significa en grego “si mesmo” e *nomos* lei): significa o exercicio consciente da propia liberdade moral.

9.- O termo “heteronomía moral” indica que as decisións son impostas, máis ou menos *inconscientemente,* con escaso ou nulo papel de vontade propia (héteros en grego significa “outro”): significa o sometemento a presións *exteriores* (autoridades, tradicións, costumes, etc. asumidas sen exame critico), ou a presións *interiores* (medos, desexos incontrolados, sentimentos cegos, etc) sobre as que non existe un verdadeiro control.

10.- L. Kohlberg distingue 3 niveis na evolución da moralidade:

a) Nivel pre-convencional: caracterizado por un forte egocentrismo.
b) Nivel convencional: caracterizado pola identificación do individuo co grupo do que forma parte, buscando a conformidade e aprobación social.
c) Nivel post-convencional: caracterizado pola autonomía e independencia na busca de principios racionais de moralidade universalizables.